

RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA LICITACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE OBRAS. EXP. 2023/C003/000008.

Visto os seguintes expedientes de licitación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria e anticipada de gasto, que rexerán para a:

- Contratación de obras para a execución do proxecto "*Reforma de servizos hixiénicos accesibles na planta baixa do concello de Vimianzo*". Exp.2023/C003/000008.(cofinanciado polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia); expediente aprobado por Resolución da Alcaldía núm.1782/2023, de 21/12/2023.

Visto o disposto no RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e o establecido na cláusula 15ª do Prego de cláusulas administrativas particulares ao respecto da mesa de contratación así como o establecido no art.326 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Por todo o anteriormente exposto, en uso das facultades que confire a lexislación vixente en materia de réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Designar aos membros da mesa de contratación que valorará as ofertas presentadas nos procedementos de licitación para contratar as obras que se sinalan nos antecedentes, coa seguinte composición:

Presidente:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos, concelleiro de Medio Rural, Medio Ambiente, Servizo de Augas e Parque empresarial.

Suplente: D. Mario Andujar Mouzo, concelleiro de Ensino, Formación, Emprego, Edificios municipais e Policía Local.

Vogais:

-D. Francisco Fernández Armada, interventor municipal ou funcionario/a que legalmente o substitúa, vogal interventor.

-D.Francisco Javier Novoa Juíz, secretario municipal ou funcionario/a que legalmente o substitúa, vogal letrado.

-D.Bielca Gonzalez Ramos, técnica de urbanismo, vogal

suplente: Julio Vázquez Rodríguez, arquitecto municipal.

Secretaria:

-Dª.Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión da área de xestión administrativa ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

Segundo.- Convocar a mesa de contratación para o día 11 de xaneiro de 2023, ás 08:30 horas, en primeira convocatoria, e unha hora despois, en segunda convocatoria, na sala de sesións da Casa do Concello, para cualificar a documentación, e se fora o caso, avaliar as propostas achegadas ás seguintes licitacións:

- Contratación de obras para a execución do proxecto "*Reforma de servizos hixiénicos accesibles na planta baixa do concello de Vimianzo*". Exp.2023/C003/000008.(cofinanciado polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia); expediente aprobado por Resolución da Alcaldía núm.1782/2023, de 21/12/2023.

Terceiro.- Publicar a composición e data da mesa de contratación na plataforma de contratos do Sector Público e notificar aos interesados.

Cuarto.-Dar conta ao pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Así o manda e asina a Sra.alcaldesa, do que eu, secretario do concello de Vimianzo dou fe.

A Alcaldesa

O secretario,

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)